

O FARCEO

nº 31

AGOSTO '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

Cara a un galleguismo bipolar



Valo dos Iaios

guisa e napo

25_XULLO



HONDURAS



Unha xanela ao humor gráfico



POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Os amantes do humor gráfico na prensa están de plácemes. O Palau Robert (Paseo de Gracia 107) de Barcelona presenta, até o 27 de setembro, os debuxos orixinais que participaron na quinta edición do World Press Cartoon, que dirixe o caricaturista portugués Antonio Antunes, e que se realiza na cidade de Sintra, Portugal.

É unha magnífica ocasión para apreciar a selección de 401 debuxos, publicados en 273 diáridos de 62 países, que se editan en decenas de lingua diferentes. Entre os deseños expostos, podemos apreciar a dous colaboradores de O FAROL: María José Mosquera (SEX) e Félix Ronda.

Como mencionamos nun anterior artigo onde mostramos os debuxos premiados nesta edición, o World Press Cartoon afiánzase como o evento de maior categoría que rende xustiza ao valor artístico e de denuncia, que posúe a caricatura de prensa.


Coa súa ironía e carácter satírico nas súas obras, os caricaturistas de prensa ratifican a importancia do seu traballo, ao sinalar defectos da sociedade e os homes, e desta maneira sensibilizar a mente dos lectores e procurar cambios de actitudes.

Antes de haber fotógrafos nos xornais, xa se

publicaban caricaturas e debuxos. Un debuxante humorístico co seu traballo, pode referirse a aspectos que non ven ou que permanecen ocultos e desta maneira alertar sobre un problema e axudar a combatelo. A mensaxe dunha caricatura moitas veces chega a promover un debate que non logra un artigo. Exemplos sobran neste mundo. E é que a linguaxe das caricaturas é universal.

A extraordinaria exposición do World Press Cartoon no Palau Robert de Barcelona ratifica que o traballo dos caricaturistas sempre será necesario, pois as sociedades e os homes son imperfectos.

Nun próximo artigo referirémonos ás excepcionais caricaturas persoais presentadas neste certame.



A. WAS (URSS).



CONSTANTIN CIOSU (RUMANIA).



ANDRZEJ GRANIĄK (POLONIA).



raúl_de_la_nuez



david_vela



ares

